

Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

50.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN RÚA COUTO DE SAN HONORATO. EXPTE. 434/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do secretario da mesa de contratación, do 29.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.HIDROSCIVIL
- 2.CONST. OBRAS E VIAIS
- 3.CONSLAR
- 4.PARAXE
- 5.ORESAS
- 6.SERCOYSA
- 7.ORECO
- 8.XESTIÓN AMB.
- 9.FOMENTO DE ARIDOS
- 10.C. ALDASA
- 11.CONST. CRESPO
- 12.HNOS. MALVAR
- 13.ESPINA
- 14.BARDERA
- 15.EIRIÑA
- 16.ALVAC
- 17.UTE PROYECTA
- 18.JESUS MARTINEZ
- 19.ABECONSA
- 20.AGRUPCONSA
- 21.EDUARDO BOAN
- 22.TERRAUGA
- 23.CONSTRUCC. VALE

24.OREGA

25.CONST. REY SOLLA

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís JSTOP, ROYMER, CANALIZACIONES e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados.

Terceiro.- Requirit a empresa clasificada en primeiro lugar, HIDROSCIVIL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.


Cuarto.- Requirit a empresa clasificada en primeiro lugar, HIDROSCIVIL, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 668,04 €.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 21 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 23 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración



Concello de Vigo

municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á mercantil HIDROSCIVIL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTO DE SAN HONORATO (EXPTE.434-440) por un prezo total de 382.500 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

lp

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.



